



1ª Mostra de Danza de Galicia

Do 26 ao 30 de Abril 2011


SALÓN TEATRO • PRAZA DE CERVANTES
Santiago de Compostela



PATROCINAN:



COLABORAN:



CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Axencia Galega das Industrias Culturais

Consellería de Cultura e Turismo

Xunta de Galicia

1ª Mostra de Danza de Galicia

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

Presentación

Coincidindo co Día Internacional da Danza, data que se conmemora cada 29 de abril, o Centro Coreográfico Galego (CCG) organiza a I Mostra de Danza de Galicia, un exhaustivo ciclo que exhibirá unha carteleira artística de 37 compañías galegas de todos os estilos.

A Mostra ten como principal obxectivo amosar o dinamismo coreográfico de Galicia, poñendo en valor a artistas tanto emerxentes como xa consolidados que desenvolven aquí o seu traballo. Ademais das creacións apoiadas polo programa de Proxectos de Investigación Coreográfica, terán cabida outras pezas interpretadas por compañías profesionais, grupos de danza ou asociacións que empregan o baile como instrumento para a integración e a concienciación social. En cada xornada tamén haberá tempo para o intercambio de experiencias entre os creadores.

O Salón Teatro e a praza de Cervantes serán os escenarios desta programación que se estenderá do martes 26 ao sábado 30 de abril. Durante estes cinco días, o Salón Teatro amosará unha sucesión de máis de 20 pezas, cada unha delas duns 30 minutos de duración, levadas a cabo por unha ampla representación de compañías, intérpretes e creadores galegos. Durante as mañás, a Mostra ocupará tamén a praza de Cervantes, nun emprazamento aberto aos viandantes e no que participarán 10 formacións artísticas.

Salón Teatro

Día	Hora	Espectáculo	Compañía / Grupo / Intérprete
Martes 26	17.00 - 17.15		Grupo de Música Tradicional da Agadic
Martes 26	17.20 - 17.50	<i>Miniaturas</i>	Entrecaixas
Martes 26	17.55 - 18.25	<i>Sueño de ciego</i>	El Portsaidi
Martes 26	18.45 - 19.05	<i>10 gr por cada 180 ml de agua</i>	CF - Dance
Martes 26	19.10 - 19.40	<i>Encontros</i>	Lusco e Fusco
Martes 26	19.45 - 20.05	<i>Etheria, a viaxe soñada</i>	Centro Coreográfico Galego
Mércores 27	17.00 - 17.30	<i>Historias na rúa</i>	Compañía Tango Danza
Mércores 27	17.35 - 18.00	<i>Se os soños teñen ás... onde van as túas...?</i>	Bágoas Danza Contemporánea
Mércores 27	18.05 - 18.30	<i>Wir Frauen</i>	Helen Bertels - La Tía Mardalina
Mércores 27	18.50 - 19.10	<i>Fume</i>	Ángela Blanco
Mércores 27	19.15 - 19.45	<i>Rosas negras</i>	El Taller
Mércores 27	19.50 - 20.20	<i>Danza Homo - Natura e Miranos</i>	5s
Xoves 28	17.00 - 17.30	<i>A terra sen mal danza</i>	Quarks
Xoves 28	17.35 - 17.50	<i>Baleadas</i>	Traspediante
Xoves 28	17.55 - 18.20	<i>Danza e contradanza</i>	Contra 2
Xoves 28	18.40 - 19.05	<i>Axóuxere de cores</i>	Fundación IgualArte
Xoves 28	19.10 - 19.35	<i>Branco</i>	Amparo Novas
Venres 29	17.00 - 17.20	<i>Aneis</i>	Branca Novoneyra
Venres 29	17.25 - 18.10	<i>Macho</i>	D Loira
Venres 29	18.30 - 19.20	<i>Orcheosographie, ou da conversa da música e da danza</i>	Saor en danza
Venres 29	19.25 - 20.05	<i>Luz en el agujero</i>	Experimentadanza

Día	Hora	Espectáculo	Compañía / Grupo / Intérprete
Sábado 30	17.00 - 17.15	<i>Al son del bastón e Tango</i>	AIND
Sábado 30	17.20 - 17.50	<i>Nu Shu</i>	Bstudio
Sábado 30	17.55 - 18.25	<i>Métase nos seus asuntos</i>	Nuria Sotelo
Sábado 30	18.45 - 19.05	<i>A velocidade das cousas</i>	Mónica García
Sábado 30	19.10 - 19.30	<i>Cuerpos en movimiento</i>	Eudanza
Sábado 30	19.35 - 20.00	<i>No una explosión, un susurro</i>	Diciembre Danza Group
Sábado 30	20.05 - 20.20	<i>Blondy's coffee</i>	Entremans

- As entradas para asistir aos diferentes espectáculos poranse á venda no despacho de billetes do Salón Teatro, que permanecerá aberto todos os días da Mostra a partir das 15.00 horas. Ademais, poden adquirirse por anticipado na billeteira electrónica da web www.sientelaunion.es e do teléfono 902 43 44 43. O prezo das localidades é de 5 euros e tamén está dispoñible un bono para todos os espectáculos ao prezo de 20 euros.

Praza de Cervantes

Día	Hora	Espectáculo	Compañía / Grupo / Intérprete
Martes 26	12.30 - 13.00	<i>Wir Frauen</i>	Belen Bertels - La Tía Mardalina
Martes 26	13.05 - 13.25	<i>Tulípanes</i>	D Loira
Mércores 27	12.30 - 12.50	<i>Desmemoriada</i>	Nuria Sotelo
Mércores 27	13.00 - 13.30	<i>Jugando con el arte</i>	Experimentadanza
Xoves 28	12.30 - 13.00	<i>Bótoche unba man?</i>	Catro no Metro
Venres 29	12.30 - 13.00	<i>Territorio marcado</i>	Fran Riveiro
Venres 29	13.05 - 13.20	<i>Un vestido verde</i>	Traspediante
Sábado 30	12.30 - 13.00		Xacarandaina
Sábado 30	13.05 - 13.35		Alxibeira
Sábado 30	13.40 - 14.10	<i>Encontros</i>	Lusco e Fusco

- Estes espectáculos desenvolveranse nun emprazamento ao aire libre aberto aos viandantes.

Programación no Salón Teatro

Martes 26

16.00 – 16.45 h

Encontro cos artistas

17.00 – 17.15 h

Grupo de Música Tradicional da Agadic

17.20 – 17.50 h

Entrecaixas (danza folclórica galega estilizada): *Miniaturas*

Coreografía de Iván Villar

Música de Tataratrío

A forza e a fluidez de movementos, combinados coa música de carácter tradicional interpretada polo grupo Taratrío, mestúranse neste espectáculo no que o grupo formado por antigos membros do desaparecido Ballet Galego Rey de Viana realiza un percorrido polos diferentes ritmos amosando a súa particular visión sobre a danza tradicional galega.

17.55 – 18.25 h

El Portsaidi (folclore árabe): *Sueño de ciego*

Coreografía de Gamal Aboegela

Música do folclore tradicional exipcio

18.25 – 18.45 h

Descanso

18.45 – 19.05 h

C-F Dance (danza contemporánea): *10 gr por cada 180 ml de agua*

Coreografía de Paula Quintas e Marta Alonso

Música de varios autores

19.10 – 19.40 h

Lusco e Fusco (danza, novo circo e teatro físico): *Encontros*

Coreografía de Pablo Reboleiro e Alfredo Pérez

Asistentes de coreografía: Alexis Fernández e David Loira

Música de Narf

Encontros é un espectáculo multidisciplinar onde a danza, o novo circo e o teatro físico se conxugan para crear un código propio de expresión, un punto de partida para comunicar, para contar ao público as inxedanzas que nos invaden. A comedia e o virtuosismo forman parte desta montaxe ecléctica que xorde do encontro de dúas persoas que levan tempo sen verse. Tócanse, úlense, séntense, e comezan o seu camiñar, xuntos.

As habilidades físicas e interpretativas dos actores serán o lenzo no cal as emocións debuxan a historia, sinxela, onde as personaxes

viaxarán pola sinuosa liña das relacións humanas, amosando todas as cores que hai dentro de cada un de nós, expoñendo desde a bondade máis verdadeira ata a maldade máis extrema.

Danza, acrobacia, equilibrios, manipulación de obxectos e xogos malabares estarán ao servizo da narración teatral. Serán as ferramentas que usarán os artistas para acompañar ao espectador neste percorrido por unha nova vía de comunicación.

19.45 – 20.05 h

Centro Coreográfico Galego: *Etheria, a viaxe soñada*

Coreografía de Mercedes Suárez

Música de Isaac Garabatos

En *Etheria, a viaxe soñada*, Mercedes Suárez deseñou unha peza audaz e dinámica pola súa capacidade de combinar de xeito fluído as representacións da historia milenaria con elementos da máis cotiá actualidade, a simboloxía clásica cos patróns máis contemporáneos, reivindicando así o espírito universal e atemporal das grandes viaxes ao longo da historia da humanidade e da mitoloxía.

A obra relata o regreso a Galicia dunha figura histórica galega, Etheria, despois dunha longa peregrinación que nos séculos IV ou V d.C. a levou a Xerusalén a través de Europa Meridional e Oriente Próximo.

Os 12 bailaríns que compoñen o corpo de baile levan a cabo unha actuación que une plasticidade, precisión e sentimento en secuencias coreográficas de gran forza, tanto nas escenas corais coma nos *pas de deux* que se executan.

Mércores 27

16.00–16.45 h

Encontro cos artistas

17.00 – 17.30 h

Compañía Tango-Danza: *Historias na rúa*

Coreografía de Teresa Gaona e Carmen Mejuto

Música de varios autores

17.35 – 18.00 h

Bágoas Danza Contemporánea: *Se os soños teñen ás... onde van as tías...?*

Coreografía de Magda Pesqueira

Música de varios autores

Con movementos a través dunha soa liña que se van desprendendo entre o ir ou o non ir, Bágoas Danza Contemporánea presenta o seu primeiro traballo coa coreografía titulada *Se os soños teñen ás... onde van as tías...?*, de Magda Pesqueira, e interpretada por Margarita Iglesias, Ainhoa Sandoval, Sara Bruquetas e un convidado: Adrián Sánchez Molina.

A peza está baseada no medo, nos bloqueos e na inseguridade que nos impiden seguir adiante, pero tamén dun modo contrario, na seguridade, na felicidade, nas vivencias de amor, na soidade e no rancor.

18.05 – 18.30 h

Helen Bertels - La Tía Mardalina: *Wir Frauen*

Coreografía de Helen Bertels

Wir Frauen, vocable alemán que significa *Nós as mulleres*, é un espectáculo de teatro-danza creado e interpretado por Helen Bertels que se inspira na muller e nas súas dúbidas, erros, contradicións...

18.30 – 18.50 h

Descanso

18.50 – 19.10 h

Ángela Blanco: *Fume*

Coreografía de Ángela Blanco

Música de Krah

Ángela Blanco é a intérprete e a creadora deste traballo multidisciplinar que busca atopar un código accesible para todos os espectadores conxugando os xogos de sombras co celuloide en branco e negro e a danza.

Fume é un dos oito proxectos seleccionados polo CCG no marco do seu novo programa Proxectos de Investigación Coreográfica dirixido á promoción da investigación no ámbito da creación coreográfica en Galicia.

19.15 – 19.45 h

El Taller: *Rosas negras*

Coreografía de Beatriz Gamborino

Música de varios autores

Esta obra é unha alegación sobre a violencia contra a muller que busca, mediante o baile flamenco e as imaxes proxectadas, concienciar ao público sobre este problema. Os distintos paos do flamenco serán o fío condutor de cómo unha aparente vida cotiá se transforma nunha voráxine de violencia machista.

19.50 – 20.20 h

5s: *Danza homo- natura e Miranos*

Coreografías de Nuria Sotelo e Carlota Pérez

Música: colaxe musical

Xoves 28

16.00 – 16.45 h

Encontro cos artistas

17.00 – 17.30 h

Quarks: *A terra sen mal danza*

Coreografía de Raquel González

Música de Perkutone (Juan Antonio Rodríguez Outeda, Noli Torres e Vokas Tripahi)

Raquel González sérvese dun trío de percusión e de diferentes técnicas de improvisación para investigar sobre a linguaxe xestual que evocan os distintos universos musicais en *A terra sen mal danza*, un dos oito proxectos seleccionados polo CCG no marco do seu novo programa Proxectos de Investigación Coreográfica dirixido á promoción da investigación no ámbito da creación coreográfica en Galicia.

17.35 – 17.50 h

Traspediante: *Baleadas*

Coreografía de Paulina Funes, Begoña Cuquejo, Marta Alonso e Ariel Ninas

Música de Non-ou

Tras gañar o Certame de Creación Injuve 2010 (na sección de propostas escénicas) co seu primer proxecto escénico *Habelas*, o colectivo artístico e compañía de danza Traspediante amosa un fragmento do seu novo traballo que fusiona danza e poesía infantil con animación audiovisual construída en directo.

17.55 – 18.20 h

Contra 2: *Danza e contradanza*

Coreografía de Iván Villar

Música de Nelson Quinteiro

Esta coreografía de Iván Villar ofrece unha particular fusión entre a danza tradicional con outro tipo de movementos que se achegan máis á danza contemporánea ou enerxías propias do flamenco.

18.20 – 18.40 h

Descanso

18.40 – 19.05 h

Fundación IgualArte (compañía de integración): *Axóuxere de cores*

Coreografía de Carmela Bueno e Alexandra Beiras

Música de Marcos Estévez

Con este espectáculo, a Fundación IgualArte fai un percorrido polos diferentes sentimentos que unha persoa pode experimentar, desde a ledicia á paixón, ao amor ou á rabia, pasando primeiro pola tristura e pola esperanza. As palabras fican nun segundo plano e son a cor, a música, o movemento e a imaxe os que expresan.

IgualArte é unha fundación artística que traballa con persoas con necesidades educativas especiais no campo da educación musical, expresión corporal e artes plásticas. Esta Fundación nace coa necesidade de crear un espazo activo e integrador destinado a fomentar a creatividade coa plena convicción de que todos temos dereito a interiorización, transformación e representación de sentimentos, pensamentos e sensacións, promovendo así unha arte viva e plural.

19.10 – 19.35 h

Amparo Novas: *Branco*

Coreografía de Amparo Novas

Música de Luis Barbeito

A través desta iniciativa, a coreógrafa Amparo Novas traballa xunto ao músico Tito Barbeito e á bailarina Carmela García, unindo as súas artes en escena para experimentar coa relación entre as emocións e as cores.

Como eles mesmos explican, o proxecto parte do branco como punto de encontro, como "a cor pura que contén as demais cores", pero ao longo da súa mestura xurdirán outras cores, máis delicadas e máis fortes, que os conducirán a través de moi diferentes emocións.

Venres 29

16.00 – 16.45 h

Encontro cos artistas

17.00 – 17.20 h

Branca Novoneyra: *Aneis*

Coreografía de Branca Novoneyra

Asistente de coreografía: Kirenia Martínez

Música de Jesús Andrés Tejada e Isaac Garabatos

Aneis é unha peza de danza na que intertextualidade entre o movemento e a poesía guían a creación escénica. A peza percorre *O aire das acacias*, derradeiro poema de *Dentro do labirinto* (Espiral Maior, 2009), coa que a autora pecha unha serie de traballos arredor do libro.

Aneis é unha curta sobre os amuletos da memoria, sobre a repetición continua dos recordos en fotogramas de películas antigas.

Esta peza é un dos oito proxectos seleccionados polo CCG no marco do seu novo programa Proxectos de Investigación Coreográfica dirixido á promoción da investigación no ámbito da creación coreográfica en Galicia.

17.25 – 18.10 h

D Loira: *Machbo*

Coreografía de David Loira

Música: colaxe musical

D Loira, en colaboración con Kònic Thtr., plataforma recoñecida internacionalmente como pioneira no emprego e incorporación de tecnoloxía en proxectos de creación, amosa o seu segundo proxecto no que se formula a danza como unha obra estática, converténdoa en instalación/escultura onde o espectador se converte en mero observador activando nel os recordos e a asociación de ideas conducíndoo a un ánimo contemplativo, e a unha meditación de actividade interior, coma se estivese a considerar unha paisaxe.

En *Machbo* establécese unha relación entre unha temática sobre identidade sexual e unha temática floral, ata chegar á idea dun corpo masculino en coma. Evocando ese corpo ausente, en aparencia inmóbil, introdúcese a imaxe dun lago e a idea que relaciona o corpo, o movemento, a auga e a paisaxe. Descubrindo e atopando o corpo masculino, a medida que se vai agochando da vida e da morte, faise presente e vaise convertendo nunha flor na que entra en dialéctica o feminino e o masculino, a acción e a non acción, a vida e a non vida, o soño e a realidade.

18.10 – 18.30 h

Descanso

18.30 – 19.20 h

Saor en danza: *Orcheosographie: ou da conversa da música e da danza*

Adaptación coreográfica de M^a Dolores Fojón

Música renacentista interpretada por Carlos García Amigo, Viola da Gamba e Diego Rojo Garrido, Laúde

M^a Dolores Fojón afonda no estudo da danza renacentista a partir de tratados da época como o *Orcheosographie* (1596), de Thoinot Arbeau, e coa colaboración dun grupo musical especializado na música do Renacemento.

Esta peza é un dos oito proxectos seleccionados polo CCG no marco do seu novo programa Proxectos de Investigación Coreográfica dirixido á promoción da investigación no ámbito da creación coreográfica en Galicia.

19.25 – 20.05 h

Experimentadanza: *Luç en el agujero*

Coreografía de Carlota Pérez

Música de Johannes Sebastian Bach

Solo de danza contemporánea

Sábado 30

16.00 – 16.45 h

Encontro cos artistas

17.00 – 17.15 h

AIND (Asociación para la Integración del Niño Disminuido): *Al son del bastón e Tango*

Coreografías de Yolanda Pérez Silva

Músicas de dConrad e hMagidson

17.20 – 17.50 h

BStudio: *Nu shu*

Coreografía de M^a Dolores Mayán

Música de varios autores

A directora de BStudio danza, María Dolores Mayán, propón unha indagación sobre a condición de muller, sobre os atributos particulares, o contorno e a longa tradición cultural arredor do universo feminino. *Nu Shu*. A escrita secreta das mulleres inspírase na novela *O abano de seda*, na que a autora estadounidense de orixe chinesa Lisa See retrata a vida das mulleres dunha remota provincia de China que para comunicarse libremente entre si crearon a escrita "nu shu", só coñecida por elas.

Cunha consolidada traxectoria no ámbito coreográfico galego, BStudio incide de novo no contido social dos seus proxectos artísticos, a través dos que busca promover a sensibilización sobre o tema da igualdade reivindicando e homenaxeando o papel das mulleres ao longo da historia.

17.55 – 18.25 h

Nuria sotelo: *Métase nos seus asuntos*

Coreografía de Nuria Sotelo e Ana Vallés

Música de varios autores

Un traballo sobre a presenza, un só de danza que se move entre a evocación de lugares comúns e a exposición da privacidade, formulando a implicación ou desentendemento do que mira ou asiste a un acto público e cuestionando a nosa pasividade ante os acontecementos alleos. Alguén dirá que de bo grao se metería nos seus asuntos, pero cales son? Ás veces todo nos concirne e, de súpeto, nada nos toca.

O fio condutor é a transformación, dunha muller, dunha presenza, da enerxía, da mirada do que observa. O camaleonismo dunha persoa segundo: segundo se trata, segundo se mira, segundo se mostra, segundo se recorda.

A escena é unha ferramenta de comunicación e o obxectivo é conectar. é eficaz o que facemos? Con poucos recursos nos interesa mostrar o aparentemente sinxelo aínda que todo teña unha dobre lectura.

Alexander Calder xogando co seu pequeno circo de arame, o pallaso que intenta subirse a unha cadeira, a trapecionista de ouro, os cabalos azuis, a cabareteira, unha modelo nua, algunha vaca quieta, quieta.

As ideas construídas a partir de imaxes. A danza e a presenza a través de emocións e sensacións. O pracer de evocar imaxes que provoquen a emoción do que mira, que sempre é individual e, que se logramos involucralo, participará sendo intérprete das nosas experiencias.

O intento e a repetición do intento. "Proba outra vez, fracasa outra vez" como dicía o gran Beckett. (Ana Vallés).

18.25 – 18.45 h

Descanso

18.45 – 19.05 h

Mónica García: *A velocidade das cousas*

Coreografía de Mónica García

Música de varios autores

A velocidade das cousas é un só de danza no que a coreógrafa e bailarina Mónica García entrega a escena como dispositivo de confesión onde o público como testemuña, afirma a súa presenza e a súa constitución como individuo nese momento. E ao mesmo tempo, é o exercicio e o resultado dunha auto-enunciación, así como a consecuencia da experiencia da súa propia práctica escénica. A danza comeza ao poñer en relación as percepcións internas e externas facéndose consciente ao momento das dinámicas, espazos e intensidades.

A peza baséase nas formulacións de Merce Cunningham para investigar sobre a produción coreográfica a partir dun patrón de instantáneas.

19.10 – 19.30 h

Eudanza (compañía de integración): *Cuerpos en movimiento*

Coreografía de Laura Llauder

Música de varios autores

O grupo eudanza nace dun proceso de busca e investigación desenvolvida desde hai máis de 30 anos no Centro de Integración e Innovación Psicopedagóxica 'O Pelouro'. O grupo traballa coa Psicodanza como ferramenta creadora de interaccións en nexos contextuais intersectivos e fomento da diversidade.

19.35 – 20.00 h

Diciembre danza group: *No una explosión, un susurro*
Coreografía de Lucía Piquero
Música de Alberto García

20.05 – 20.20 h

Entremans: *Blondy's coffee*
Coreografía de Beatriz Pérez e Kirenia Martínez
Música de varios autores

Trátase dunha peza de danza contemporánea, en clave de humor, que conduce ao espectador por diversas continxencias entre dúas mulleres que comparten un mesmo espazo.

Programación na praza de Cervantes

Martes 26

12.30 – 13.00 h

Helen Bertels - La Tía Mardalina: *Wir Frauen*

Coreografía de Helen Bertels

Wir Frauen, vocablo alemán que significa *Nós as mulleres*, é un espectáculo de teatro-danza creado e interpretado por Helen Bertels que se inspira na muller e nas súas dúbidas, erros, contradicións...

13.05 – 13.25 h

D Loira: *Tulípanes*

Coreografía de David Loira

Música: Elvis Presley

En *Tulípanes*, o terceiro traballo do coreógrafo e bailarín David Loira, a procura na hibridación / contaminación con outras disciplinas escénicas (teatro, *clown*, cine mudo...) é o motivo para colocar a danza nun lugar onde a importancia radica na interacción co espectador, converténdose este en parte activa do traballo.

O actor/bailarín minimiza o espazo que hai entre el e o espectador, no que non deixa fisuras para o prexuízo e así o converte nun espello próximo no que mirarse e identificarse máis alá do espazo privado no que só existen tulípanes para contemplar. Así o actor/bailarín pasa a ser espectador, e o espectador a actor/bailarín.

Mércores 27

12.30 – 12.50 h

Nuria Sotelo: *Desmemoriada*

Coreografía de Nuria Sotelo

Música de varios autores

Un so de danza para rúa e espazos non convencionais. Que oco olvidado haberá que rehabitado hoxe? Cada día esperto e parte do vivido desapareceu. Onte pensaba certezas que hoxe son dúbidas, mañá sentirei algo que borrará o sentido hoxe. A parte están as pequenas cousas; o móbil, as gafas, pagar o recibo da luz, o seu aniversario... Decido eu que camiños neuronais tomar ou son eles os que me deciden a min?" (Nuria Sotelo).

13.00 – 13.30 h

Experimentadanza: Jugando con el arte

Coreografía de Carlota Pérez

Música: colaxe musical

Partindo do protagonismo das cores primarias, neste espectáculo de danza contemporánea e novo circo para nenos e público familiar, o espectador viaxará a través da arte contemporánea (visualizando o mundo de Kandinsky, Picasso, os Futuristas e o imaxinario dos pintores surrealistas), na procura de crear unha nova arte, unha nova maneira de amosar a realidade.

Tres personaxes, o azul, frío e calculador pero cun lado moi pícaro; o vermello, lume, inqueda alegre; e o amarelo, calmado, o sol e a calidez, atópanse nun espazo vacío e o transforman.

Xoves 28

12.30 – 13.00 h

Catro no Metro: *Bótoche unha man?*

Coreografía de Alba Fernández Cotelo, Estefanía Gómez Cascudo, Ángel Montero Vázquez e David Edreira Moris

Música de varios autores

12.30 – 13.00 h

Fran Riveiro: *Territorio marcado*

Coreografía de Fran Riveiro

Música de varios autores

13.05 – 13.20 h

Traspediante: *Un vestido verde*

Coreografía de Marta Alonso

Música de varios autores

Sábado 30

12.30 – 13.00 h

Asociación Cultural Xacarandaina

Coreografías de Henrique Peón

Música tradicional galega

13.05 – 13.35 h

Alxibeira. Grupo de Danza Tradicional do Padroado de Cultura do Concello de Narón

Danzas tradicionais galegas dirixidas por Sandra García

Música tradicional galega

13.40 – 14.10 h

Lusco e Fusco (danza, novo circo e teatro físico): *Encontros*

Coreografía de Pablo Reboleiro e Alfredo Pérez

Asistentes de coreografía: Alexis Fernández e David Loira

Música de Narf

Encontros é un espectáculo multidisciplinar onde a danza, o novo circo e o teatro físico se conxugan para crear un código propio de expresión, un punto de partida para comunicar, para contar ao público as inxedanzas que nos invaden. A comedia e o virtuosismo forman parte desta montaxe ecléctica que xorde do encontro de dúas persoas que levan tempo sen verse. Tócanse, úlense, séntense, e comezan o seu camiñar, xuntos.

As habilidades físicas e interpretativas dos actores serán o lenzo no cal as emocións debuxan a historia, sinxela, onde as personaxes viaxarán pola sinuosa liña das relacións humanas, amosando todas as cores que hai dentro de cada un de nós, expoñendo desde a bondade máis verdadeira ata a maldade máis extrema.

Danza, acrobacia, equilibrios, manipulación de obxectos e xogos malabares estarán ao servizo da narración teatral. Serán as ferramentas que usarán os artistas para acompañar ao espectador neste percorrido por unha nova vía de comunicación.